



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Anatomía humana: Anatomía humana

Materia	Anatomía humana: Anatomía humana			
Código	O51G140V01101			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Fernández Varela, María Milagros			
Profesorado	Cerradelo Lama, Jaime Fernández Varela, María Milagros			
Correo-e	mfervar3@sergas.es			
Web	<a href="http://mfervar3@sergas.es">http://mfervar3@sergas.es</a>			
Descrición xeral	Identificación e coñecemento da estrutura e función do corpo humano			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Ser capaz, no ámbito da enfermería, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional adecuada as necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenrolo dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais y deontolóxicas aplicables.
B2	Saber planificar e prestar cuidados de enfermería dirixidos as persoas, familias o grupos, orientados aos resultados en saúde, avaliando o seu impacto, a través de guías de práctica clínica e asistencial, que describen os procesos polos cuales se diagnostica, trata ou cuida un problema de saúde.
B3	Saber aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermería
B4	Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural
B5	Diseñar sistemas de cuidados dirixidos as persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas
C1	Coñecer e identificar a estrutura e función do corpo humano. Comprender as bases moleculares e fisiolóxicas das células e os tecidos.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D7	Razoamento crítico
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.
D11	Sensibilidade hacia temas medioambientais

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de comprender a terminoloxía anatómica esencial	A1	B1	C1	D1
	A2	B2		D2
	A3	B3		D3
	A4	B4		D4
	A5	B5		D7
				D9
				D11
Ser capaz de comprender a anatomía descritiva e topográfica aplicada aos diversos sistemas que integran ao ser humano.		B1	C1	D1
		B2		D2
		B3		D3
		B4		D4
		B5		D7
				D9
				D11
Ser capaz de utilizar, de forma apropiada, os conceptos básicos adquiridos sobre as estruturas dos diversos órganos e sistemas que compoñen o corpo humano		B1	C1	D1
		B2		D2
		B3		D3
		B4		D4
		B5		D7
				D9
				D11

**Contidos**

## Tema

Organización do corpo humano	Que é a Anatomía? Historia da Disciplina anatómica Linguaxe científica Cavidades corporais Rexións corporais Posición anatómica Planos do corpo Termos aplicados á descrición de estruturas corporais
Sistema musculo-esquelético	Xeneralidades  Sistema Esquelético: Ósos e articulacións - Rexión dorsal do tronco - Tórax - Membro superior - Membro inferior e pelvis - Cabeza e pescozo
Aparello cardiocirculatorio	Sistema muscular Xeneralidades
Aparello respiratorio	Corazón Sistema arterial e venoso Xeneralidades Arquitectura anatómica de : - Nariz - Faringe - Laringe - Traquea - Bronquios - Pulmóns
Aparello dixestivo	Xeneralidades  Tubo Dixestivo  Glándulas

Aparello uroxenal	Xeneralidades Sistema urinario Aparello reprodutor -Feminino - Masculino
Sistema endocrino	Xeneralidades Hipotálamo Hipófisis Tiroides Paratiroides Suprarrenales Pineal Gónadas Páncreas endocrino Timo
Órganos dos sentidos	Xeneralidades Vista Oído Olfacto Gusto Tacto
Sistema nervioso central e periférico	Xeneralidades Sistema Nervioso Central: - Medula espinal - Encéfalo Sistema Nervioso Periférico
Citología	A célula: Elementos Tipos
Histoloxía	Xeneralidades Tipos de tecido
Embrioloxía	Conceptos xerais de embrioloxía
(*)Seminarios	(*)Trabaja en grupo de distintas estruturas corporales
Aproximación a la Anatomía clínica, mediante traballos grupales.	

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	50	67	117
Presentación	2	5	7
Actividades introductorias	2	0	2
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	10	15	25
Exame de preguntas obxectivas	4	68	72

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Eventos científicos	Conferencias, congresos, xornadas, exposicións, mesas redondas, debates...
Seminario	- Actividades enfocadas ao traballo sobre diferentes temas da materia, que permita profundar ou complementar os contidos . Pódense empregar como complemento das clases teóricas. - Utilización de modelos *desmontables para a localización das distintas estruturas do corpo humano

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Actividade enfocada a o traballo teórico-práctico sobre un tema específico

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Presentación	Valorarase presentación, manexo de linguaxe científica, contidos, capacidade de síntese, capacidade comunicativa, ... Para facer media co resto da avaliación haberá que obter unha puntuación de 5 puntos sobre 10. Prazos: ver Faitic	5			D1 D2 D3 D4 D7 D9 D11
IMPRESINDIBLE SUPERAR CADA PARTE					
Seminario	Avaliación continua: 1.Resolución de preguntas concretas sobre estruturas anatómicas a través de láminas mudas: 30% 2.Realización e exposición de pequenas procuras relacionadas coa anatomía clínica: 5% Para facer media co resto da avaliación haberá que obter unha puntuación de 5 puntos sobre 10. Asistencia obrigatoria ao 90% das horas. En caso de non superar a avaliación continua, realizarase unha proba final na data publicada na web. 35%	35	B1 B2 B3 B4 B5	C1	D1 D2 D3 D4 D7 D9 D11
IMPRESINDIBLE SUPERAR CADA PARTE O ALUMNADO SUBIRÁ A FAITIC NO APARTADO "USUARIOS" UNHA FOTO, QUE PERMITA A SÚA IDENTIFICACIÓN.					
Exame de preguntas obxectivas	Proba para avaliación das competencias adquiridas . Realizarase ao finalizar o cuadrimestre segundo o calendario oficial de exames. Será de preguntas tipo test con 3 alternativas de resposta onde so unha de elas será a correcta. A fórmula que se aplicará para obter a puntuación neste apartado é: A-E. Onde A é o número de acertos e a E o número de erros, as respostas non contestadas no restan puntuación. Para facer media co resto da avaliación haberá que obter despois de aplicar a fórmula unha puntuación de 5 puntos sobre 10.	60		C1	D1 D7
IMPRESINDIBLE SUPERAR CADA PARTE					

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### Avaliación para a modalidade "non presencial"

A esta modalidade poderán acollerse aquelas/os alumnas/os que por causas xustificadas non lles sexa posible asistir con regularidade (mais do 90%) aos seminarios, para o que deberán ao inicio da materia comunicarlle ao profesorado *por escrito*, que non van asistir aos seminarios e a causa debidamente xustificada que o impida. Tamén aquelas/os alumnas/os que por diferentes causas, sempre xustificadas, aínda asistindo a algun seminario, non alcancen a asistencia do 90%. En ambos casos ao non estar na avaliación continua, pasarán á modalidade non presencial.

#### Cráterios de avaliación para a modalidade "non presencial"

1. Exame tipo test: constará de unha prueba a realizar ao finalizar o cuadrimestre segundo o calendario oficial de exames, con 3 alternativas de resposta onde so unha de elas será a correcta. Afórmula que se aplicará para obter a puntuación neste apartado é: A-E. Onde a A é o número de acertos e a E o número de erros, as respostas non contestadas non restan puntuación. Para facer media co resto da avaliación terá que obter, despois de aplicar a fórmula, unha puntuación de 5 puntos sobre 10. Esta proba ten unha cualificación sobre o total da materia do **60%**.

2. Proba obxectiva : recoñecemento de estruturas anatómicas do corpo human, conceptos de anatomía clínica. Para facer media co resto da avaliación haberá que obter unha puntuación de 5 puntos sobre 10. Esta proba ten unha cualificación sobre o total da materia do **30%**.

3. Elaboración e presentación dun traballo sobre a temática proposta (faitic), na data establecida polo profesorado e que

será de coñecemento do alumnado. Para facer media co resto da avaliación, habrá que obter unha puntuación de 5 puntos sobre 10. Esta proba ten unha cualificación sobre o total da materia do **10 %**.

**Tanto na avaliación continua como na modalidade non presencial deberán obterse en cada un dos apartados o 50% da nota para facer nota media sumatoria. No caso de non conseguir esa nota, deberán examinarse na segunda edición ordinaria de aquela/as parte/s nas que non alcanzaran o 50% por no ter adquiridas as competencias establecidas.**

SEGUNDA EDICIÓN:

O alumnado examínase da/s parte/s non superada/s na 1ª edición, as condicións serán as mesmas, ca excepción da Presentación que deberá ser entregada e defendida na data establecida na 1ª edición .

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

1. PROBA OBXECTIVA tipo test da TOTALIDADE da materia con 3 alternativas de resposta onde so unha de elas será a correcta. A fórmula que se aplicará para obter a puntuación neste apartado é: A-E. Onde a A é o número de acertos e a E o número de erros, as respostas non contestadas non restan puntuación. Para superar a materia haberá que obter, despois de aplicar a fórmula, unha puntuación de 5 puntos sobre 10. **100%**

### **Outros comentarios**

- As datas oficiais de exame marcadas para esta materia, nas dúas edicións correspondentes, poderán consultarse na páxina web <http://euenfou.webs.uvigo.es/index.php/profesorado/exames-grao> así como no taboleiro de anuncios do centro.
- 1ª edición:
- 2ª edición:
- Convocatoria fin de carreira:

Utilizará a plataforma Faitic da Universidade de Vigo, para manter comunicación académica-docente, co alumnado (temario, anuncios, cualificacións, etc) para o que será necesario, que ao inicio do cuadrimestre, o alumnado revise individualmente, si está correctamente dado de alta na plataforma, para así poder utilizar este servizo.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Drake, Wayne Vogl, Mitchell, **Gray, Anatomía para estudantes**, 3ª, Elsevier, 2015

Netter, **Atlas de Anatomía Humana**, 6ª, Elsevier, 2015

Hansen, **Cuaderno de Anatomía para colorear**, 2ª, Elsevier, 2015

Hansen, J; Netter, F, **Netter. Anatomía clínica**, 4ª, Elsevier, 2020

Paulsen, Friedrich ; Waschke, Jens, **Sobotta. Atlas de Anatomía**, 23, Elsevier, 2012

Drake, R.L., **Gray. Anatomía básica**, 2ª, Elsevier, 2013

#### **Bibliografía Complementaria**

Suárez Quintanilla, J.A., **Anatomía humana para estudantes de Ciencias de la salud**, 1ª, Elsevier, 2017

Hansen - Lambert, **Netter. Anatomía Clínica**, 1ª, Masson. Elsevier, 2006

Pró, **Anatomía Clínica**, 1ª, Panamericana, 2013

Vogl, A. Wayne; Mitchell, Adam M.W.; Drake, Richard L., **Gray. Anatomía básica**, 2ª, Elsevier, 2013

<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.catfishanimationstudio.MuscularSystemLite&hl=e>,

<https://human.biodigital.com/explore/anatomy-by-system>,

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Fisioloxía: Fisioloxía/O51G140V01105

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Bioquímica: Bioquímica/O51G140V01103

Enfermaría comunitaria I/O51G140V01104

### Descrición

---

#### MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

#### === ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

No caso de non ser posible impartir a docencia de modo presencial, utilizarase a aula virtual nos horarios que se establezan e aviso previo/previo aviso en tempo e forma ao alumnado matriculado na materia.

Lección maxistral: A través do CampusRemoto da UVigo ou telemática a través de Faitic.

Seminario: a través do CampusRemoto ou telemáticamente a través de Faitic. O profesorado poderá enviar exercicios e tarefas sobre os temas, que traballará o alumnado, a través da plataforma Faitic, será de igualmente obrigatorio asistir virtualmente.

Actividades introdutorias: Actividades encamiñadas a tomar contacto e á presentación da materia.

Presentación: A/o estudante, de forma individual/grupal elabora un documento sobre a temática proposta.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención será por vía email. Faranse titorías personalizadas de forma virtual a través da aula virtual e con solicitude previa.

Contidos: Non varían

Bibliografía: Non varía

#### === ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantense o mesmo deseño das probas utilizando as ferramentas non presenciais postas ao dispor das modalidades de exame final oral (aula virtual) ou escrito non presencial (xa sexa mediante cuestionarios, exercicios en Faitic e/ou ferramentas de avaliación soportados por Moodle, previo coñecemento do alumnado).

\* Proba tipo test (60%): Farase de forma virtual a través da ferramenta de xestión da aprendizaxe Moodle. Preguntas tipo test con 3 alternativas de resposta e só una delas será a correcta. A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado é: A-E onde A é o número de acertos e E o número de erros, as preguntas non contestadas non restan puntuación. Para facer media co resto da avaliación haberá que ter polo menos 5 puntos sobre 10.

Seminario (30%):

-Avaliación continua:

1. Resolución individual de preguntas concretas sobre estruturas anatómicas a través de láminas mudas que se propoñerán periodicamente a través da plataforma MOODLE / FAITIC. 20%
2. Realización e exposición de pequenas procuras relacionadas coa anatomía clínica. 5%
3. Resolución de exercicios propostos que se subirán á plataforma Faitic. 5%

Para facer media cos outros apartados da avaliación será necesario obter polo menos 5 puntos sobre 10 en cada unha das tres partes que se valoran no seminario.

En caso de non superar a avaliación continua, realizarase unha proba final escrita non presencial de recoñecemento de estruturas anatómicas e conceptos traballados nos seminarios.

Presentación (10%): valorarase a calidade do contido e a exposición virtual do traballo. Devandito exercicio entregarase en tempo e forma na plataforma Tema no apartado de exercicios en formato PDF. Para facer media cos outros apartados da avaliación terá que obter polo menos 5 puntos sobre 10.

**IMPRESINDIBLE SUPERAR CADA PARTE PARA APROBAR A MATERIA**

## 2ª EDICIÓN ORDINARIA

As probas finais da segunda edición ordinaria serán [non presenciais] no caso de que persistan as medidas excepcionais. Mantense o mesmo deseño das probas da primeira edición ordinaria adaptadas pola situación excepcional utilizando as ferramentas non presenciais postas a disposición e as modalidades de exame tipo test non presencial, exercicios en Faitic e ferramentas de avaliación soportados por Moodle, previo coñecemento do alumnado, recollidas no Manual de urxencia para a docencia e a avaliación debido ao Covid-19.

A avaliación farase da seguinte maneira:

A/o alumna/ou que non teña superada na 1ª edición ordinaria a parte da teoría, deberá facer un exame de preguntas tipo test do mesmo deseño da 1ª edición. A puntuación mínima para ser apto neste apartado será de 5.0 sobre 10, a fórmula será A-E. Esta puntuación supoñerá o 60% do total da materia.

A/o alumna/ou que non superase a avaliación dos seminarios, deberá facer unha proba obxectiva (lámina muda/verdadeiro-falso/test) sobre o contido dos seminarios. A puntuación mínima para ser apto neste apartado será de 5.0 sobre 10. Esta puntuación suporá o 30% do total da materia.

Presentación: Deberá ter presentado en tempo e forma o traballo na data sinalada no cuadrimestre na plataforma faitic no apartado de exercicios.

**IMPRESINDIBLE SUPERAR CADA PARTE PARA APROBAR A MATERIA**

---